

25 de novembro: día internacional para a eliminación da violencia contra a muller

Como actuar cando se produce unha agresión?

- Chama á policía ou á garda civil, dá o teu nome, o teu enderezo e solicita axuda.
- Avisa a algunha persoa coñecida ou familiar que poida presenciarse os feitos e logo declarar como testemuña no procedemento xudicial sobre o teu estado, o das túas crianzas e acerca da actitude do agresor.
- Ten a man toda a documentación persoal (documentos de identidade, pasaporte, libro de familia, tarxetas sanitarias, tarxetas da seguridade social, nóminas, recibos, denuncias, informes médicos, receitas, sentenzas...)
- Se fuches agredida asiste a un centro médico e toma fotografías das lesións.

Onde podes presentar a denuncia?

- Comisaría de policía nacional (Servizo de Atención á Muller SAM, no Servizo de Atención á Familia SAF)
- Posto da garda civil (Equipo Muller e Menor EMU-ME).
- Xulgado de garda.
- Policía local.

Cales son os teus dereitos?

- Dereito á información.
- Dereito a servizos sociais de atención, de urxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, coas seguintes prestacións:
 - Información
 - Atención psicolóxica
 - Apoio social e educativo
 - Apoio á formación e inserción laboral
 - Apoio económico
 - Apoio no aluguer ou merca dunha vivenda

Dereitos laborais e de seguridade social (Deberás acreditar a situación de violencia mediante a orde de protección ou informe do ministerio fiscal)

- Dereito á redución de xornada
- Dereito á reordenación do tempo de traballo
- Dereito á mobilidade xeográfica
- Dereito ao cambio de centro de traballo
- Dereito á suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo
- Dereito á extinción do contrato de traballo con dereito á prestación por desemprego

Serán xustificadas as faltas de puntualidade motivadas pola túa situación física ou psicolóxica derivada da situación de violencia

Se es funcionaria tes dereito á redución ou reordenación do tempo de traballo, á mobilidade xeográfica, cambio de centro de traballo e á excedencia, sendo consideradas xustificadas as faltas de puntualidade motivadas pola situación derivada da violencia de xénero.

Que facer cando es inmigrante?

- Tes dereito a presentar denuncia polas agresións que sufras aínda que non posúas permiso de residencia
- Tamén podes, teñas ou non permiso de residencia, intervir no procedemento penal con avogada/o e procurador/a, presentándote como acusación particular
- Tes dereito a solicitar a orde de protección
- Deberás iniciar un procedemento de separación se estás casada, ou ben tramitar un procedemento de garda e custodia e alimentos se as túas crianzas conviven contigo.
- Tes dereito á asistencia xurídica gratuíta
- Non perderás o teu permiso de residencia por reagrupamento familiar aínda que te separes e poderás obter un permiso independente cando o xulgado che conceda a orde de protección, ou cando teñas unha oferta de traballo e autorización para traballar, cando leves 5 anos residindo en Galiza ou no territorio español



Rematar co machismo é tarefa de homes e mulleres

25 de novembro Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller

Desde a secretaría da muller da Confederación Intersindical Galega non queremos máis minutos de silencio polas mulleres asasinadas. Non máis condescendencia contra o patriarcado que vén exercendo un xenocidio silencioso que todas e todos debemos parar xa. As mulleres e homes que formamos parte da CIG temos a obriga moral, cívica e sindical de respostar individual e colectivamente ante a violencia de xénero.

Sabemos que o problema non é sinxelo, que require actuacións en diversos ámbitos, mais debemos comezar polo lugar máis próximo: o centro de traballo.

O sindicalismo que defende a liberdade, a xustiza e a igualdade debe involucrarse na loita contra todo tipo de discriminación e particularmente contra a que representa a violencia contra as mulleres.

Segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, enténdese por esta calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, e de uso xeneralizado da violencia como forma de relación entre as persoas, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria de liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.


25 de novembro Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller

**Confederación Intersindical Galega
Secretaría Confederal da Muller**

Alfonso Molina s/n, 8º (Edificio sindical) 15008 A Coruña
Teléfono: 981 169 293- Fax: 981 151 539
Correos: muller@galizacig.net - tecnica.igualdade@galizacig.net

25 de novembro 2007

Día internacional contra a violencia de xénero



PÁRAO DENUNCIA ACTÚA

Rematar co machismo é
tarefa de homes e mulleres

015200710

